



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Pola presente e dende a Alcaldía do Concello pasamos a describir unha serie de recomendacións que facemos a toda a cidadanía deste Concello e visitantes, para entre todos cumprir as normas e vixiar porque se cumpran.

- 1) Facer caso sempre das indicacións dos socorristas nas praias, e recalcamos a palabra sempre, aínda que poidamos discrepar, pero eles están para ser respectados e salvar as nosas vidas se se dá o caso.
- 2) Fóra da hora de vixilancia nas praias se nos bañamos sempre debemos de ter máis persoas preto de nós, non debemos facelo sós, pode pasar calquera cousa inesperada e non ter a quen recorrer, así mesmo debemos de coidar os aros salvavidas, hai un dito moi coñecido que di: RESPETAME, PODO SALVARCHA A VIDA, depende de nós que estean onde sempre deben de estar, no seu sitio, no seu mastro, preto para axudarnos.
- 3) Ollo coa recollida de lixos, debemos de seguir as normas e depositar a lixos nas horas marcadas para facelo, se por calquera causa esquecemos, na Estrada que une as Praias de Rapadoira e Llás, imos atopar un punto de recollida con contedores verdes e un cartel que di: -Recollida de residuos sólidos-, pero por favor non deixe o lixo nas rúas, cumpra á perfección as normas establecidas.
- 4) Este Concello non ten nada en contra dos animais de compañía, pero por favor respecten os indicadores que din claramente como se establece a presenza destes animais en distintos lugares do pobo, a maiores solicitámoslles que se equipen de bolsas que o Concello pon á súa disposición e recollan as cacas dos cans, sen dúbida van contribuír a manter unha Vila máis limpa.
- 5) O noso Concello sempre creu na intelixencia dos mozos e sabemos que a gran maioría cumpre perfectamente as normas de convivencia, pero sempre existen grupos que por un motivo ou outro, crean problemas en distinto mobiliario urbano, pedimos a estes grupos que por favor pensen que unha botella ou un vaso que rompen na praia e queda na area pode servir para que ao día seguinte un familiar dos autores deste feito sufran un contratempo irreparable. Romper bancos, papeleiras, postes de iluminación, non conduce a nada, así como pintar en todo aquilo que atopamos ao noso paso. Queremos dende esta nota sumarnos aos traballadores municipais que velan pola limpeza e piden que respectemos ao máximo todo o mobiliario urbano e que gocemos ao máximo da tempada estival, pero que pensemos que é moi desagradable comprobar como nun momento se tira por terra todo o esforzo de estes traballadores que sofren a impotencia vendo este tipo de actos vandálicos.
- 6) Pedimos precaución nas posibles visitas a lugares ou áreas recreativas onde debemos ter moito coidado con prender lume, pois as consecuencias poden ser desagradables.
- 7) Moita tranquilidade e paciencia co tráfico e respecten todos os sinais da Vila, así como a reserva de vaos sinalizados, indican que Foz é moi cómodo e todos os servizos están moi preto uns doutros, por isto suxerímoslles que os coches están mellor no garaxe que na Rúa, pero se utiliza o coche, sobre todo para ir ás praias, procure non deixar cousas de valor neste para evitar posibles sorpresas.

Finalmente dicir lles a todos que o operativo estival está en marcha tanto a Policía Local como o resto dos corpos de seguridade está preparados para velar por todo aquilo que necesitamos de estes profesionais, e dende o Concello estamos preparados para que este verán sexa o máis agradable posible, facendo unha programación de todo tipo de actos lúdicos que esperamos sexan do agrado dos propios veciños e de todos aqueles que nos visitan, o cal como máximo representante da Corporación Municipal querémoslles enviar unha cordial benvinda e unha grata estanza entre todos nós.

Grazas pola súa comprensión. O Alcalde. - José M^a García Rivera